

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2014. NÚM. 1 /2014.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE ACCIDENTAL:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).

CONCELLEIROS:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

AUSENTES:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3.- Recoñecemento extraxudicial de créditos N° 1/2014.....	páx. 7
4.- Moción do grupo de goberno.....	páx. 9
4.1.- Moción do grupo de goberno relativa á solicitude ao Ministerio de Agricultura, alimentación e Medio Ambiente para que no reparto da nova PAC se primen as “primeiras hectáreas” das explotacións.....	páx. 9
5.- Mocións do PSdeG-PSOE	páx.12
5.1.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de retirada do Anteproxecto de Lei Orgánica sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.....	páx. 12
5.2 Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de traslado da Oficina Comarcal da Xunta e a Oficina de Estruturas Agrarias ás dependencias do novo concello de Lalín.....	páx. 15
6.- Mocións do BNG.....	páx. 17
6.1.- Moción do BNG para que, no entorno do 24 de febreiro, se realicen actividades que promovan o coñecemento da obra de Rosalía.....	páx. 17
7.- Mocións do PGD	páx. 18
7.1.- Moción do PGD contra o uso de animais en espectáculos circenses.....	páx. 18
7.2.- Moción do PGD para que o Concello de Lalín non participe na realización, impulso ou promoción de festexos taurinos.....	páx. 20
8.- Moción por urxencia	páx. 20
9.- Rogos e preguntas.....	páx. 21

=====

Sendo as dez horas do día **27 de xaneiro de 2014**, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Alcalde-Accidental, *D. Román Rodríguez González*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste á sesión o Sr. Alcalde titular, *D. José Crespo Iglesias (P.P.)*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

O Sr. Secretario deu conta dun erro atopado na acta número 11/2013 correspondente á sesión ordinaria celebrada o pasado día 2 de decembro de 2013. En dita acta consta como asistente á sesión *D. José Domínguez Caballero (P.P.)* debendo constar no seu lugar *D. José Antonio Varela Quintela (P.P.)*.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2014.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda de data 17 de xaneiro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de xaneiro de 2014.

Na exposición da proposta, o edil delegado de facenda, ***D. Manuel Gómez Estévez***, explicou que o contido do expediente viña referido a facturas que se devolveron no seu día a Unión Fenosa xa que non estaban correctamente redactadas. Logo a empresa as presentou estes días de atrás, a pesar de lle ter feito varios requirimentos para elo.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou o seu voto en contra. Este era un problema que sucedía todos os anos. As consecuencias eran que trastocaban todo, desde os orzamentos que se aprobaron para 2014, porque non recollían, e falseaban o consumo enerxético dos anos 2012 e 2014, ata o feito que impedían estudar o consumo real

de electricidade no Concello.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que tamén votaría en contra. Consideraba que as facturas había que pagalas; non obstante neste caso había un recurso ou reclamación a Unión Fenosa, e esta empresa presentounas moi tarde. Doutra banda coidaba que había unha factura por máis de tres mil euros, en concepto de publicidade por empadramento, que consideraba excesiva.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** entendía que este expediente amosaba o funcionamento anómalo, pola forma e polo resultado no Concello.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** defendeu a proposta do expediente. O motivo e a explicación era a mesma que a doutros anos. Non era debido á culpa do Concello, senón da empresa subministradora que remitía tardiamente as mesmas ao Concello. Isto era xa coñecido por todos.

Sometido a votación ordinaria o expediente coa proposta do Concelleiro Delegado de Facenda, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos concelleiros do PP.

Votos en contra: seis (6), sendo catro (4) votos dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous (2) dos concelleiros do BNG .

Abstencións: unha (1) do concelleiro do PGD

Xa que logo, **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

A fin de poder atender gastos realizados durante os exercicios 2012 e 2013, cumpre que o Pleno da Corporación Municipal aprobe o recoñecemento extraxudicial de créditos e aprobación do gasto, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias, segundo a relación individualizada das facturas que se detallan, de acordo co artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e a Base 15 das Bases de Execución do Presuposto para o exercicio de 2014. Ambos establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria. Trátase de facturas correspondentes a gastos realizados durante o anos 2012 e 2013 que non foi posible aprobar con cargo ó correspondente exercicio, por non ter sido presentadas no seu momento para a súa imputación ó presuposto dos exercicios correspondentes.

En base ao anterior o Pleno da Corporación ACORDOU:

Aprobar o expediente de Recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2014 e o gasto con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias que a continuación se relacionan, por importe total de 16.852,59 euros.

Texto	N.I.F.	Razón social interesado	C.Fun.	C.Eco.	Rec-Des/I.V.A.
-------	--------	-------------------------	--------	--------	----------------

PUBLICIDADE CAMPAÑA EMPADROAMENTO	A36600815	FARO DE VIGO S.A.	912	22602	2.598,11
PUBLICIDADE CAMPAÑA EMPADROAMENTO	76805478Z	NUÑEZ FIUZA, MANUEL	912	22602	242,00
PUBLICIDADE CAMPAÑA EMPADROAMENTO	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	912	22602	1.439,90
ENERXIA ELECTRICA PR.GALICIA 1 DO 02-10 Ó 02-11-12	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	920	22100	4.074,67
ENERXÍA ELECT.PR.GALICIA 1 DO 03-11 Ó 01-01-2013	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	920	22100	5345,86
PUBLICIDADE EMPADROAMENTO EN LALÍN	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	912	22602	3152,05
TOTAL 16.852,59					

4.- MOCIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

4.1.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á SOLICITUDE AO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE PARA QUE NO REPARTO DA NOVA PAC SE PRIMEN AS “PRIMEIRAS HECTÁREAS” DAS EXPLOTACIÓNS.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción de data 20 de xaneiro de 2014, con entrada municipal do mesmo día con número de rexistro 422. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 23 de xaneiro de 2014.

O PSdeG-PSOE por medio do seu voceiro, D. Manuel María González Aller, presentou na sesión unha emenda de adición á moción, con cinco puntos.

O edil delegado de actividade e produción agraria, **D. Manuel Fernández López**, polo grupo de goberno, indicou que a nova PAC rexería desde o ano 2015 ata o ano 2020. Había negociacións abertas en Bruxelas para determinar as súas liñas e contido. O punto de partida era, coma en todo, que todos queriamos máis. Os países que máis dano fan e os que máis presionan para conseguir máis son Alemania e Francia. O Ministerio de Agricultura e o Sr. *Arias Cañete* traballan neste tema que afectará sen dúbida a Galicia e ó sector lácteo. Coa moción o que se quería era primar as primeiras hectáreas de cada explotación no reparto das axudas, algo que se facía ata agora, e que ás restante se lles pague menos. Agora ao parecer enriba da mesa habería unha proposta para que a todas as hectáreas se lles financie linealmente con iguais importes. Isto, de aprobarse, causaría un prexuízo para Galicia, porque aquí as explotacións teñen poucas hectáreas, a diferenza do resto de España. O que se pretende é que se valoren e se paguen máis as primeiras hectáreas que as restantes. En canto ás cantidades, indicou que se baralla pagar estas primeiras hectáreas un 30% do total. Puxo un exemplo.

Lembrou que no ano 1990, tras a entrada de España na Unión Europea, en relación ao reparto da cota láctea, Galicia reclamaba que se fixera por explotación e non por produción. “Non se

fixo así e saímos prexudicados”, sinalou. “Como consecuencia moitos agricultores non tiveron suficiente cota láctea, e tiveron que comprar máis. Hoxe seguimos así, algúns pagando aínda a cota”.

Sobre as emendas socialistas dixo que se o grupo de goberno retiraba a súa, perdíase todo o sentido da moción. En todo caso o contido das mesmas estaba por estudar.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** sinalou que a postura do edil do grupo de goberno era a mesa que a da Consellería de Medio Rural e do Mar. Con este sistema Galicia saía perdendo; ao contrario que outras CC.AA, que saían gañando. Había que mellorar nas negociacións e conseguir máis do que se anunciaba. Defendeu os cinco puntos da emenda. Estaba de acordo en establecer un límite e primar as primeiras hectáreas das explotacións, que fixaba en 24 hectáreas. Tamén pretendía definir un concepto de agricultor profesional, algo que era necesario e que non recollía a moción do grupo de goberno. Había finalmente outros aspectos que tamén coidaba que debían aprobarse. Propuxo adicionar as emendas á moción, nas que se propuña:

Solicitar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que na normativa para a aplicación da Reforma da PAC para o período 2014-2020 no que se refire ás axudas directas aos produtores (1º pilar), se recolla:

-Unha normativa que teña en conta as especiais características das producións galegas, con un déficit histórico de percepción de axudas, e con moi pouca base territorial e poucas hectáreas declaradas. Para o cal se estableza un pago por hectárea que sexa proporcionalmente regresivo, de tal forma que perciban máis axuda as primeiras 24 hectáreas declaradas.

-Que se precise a definición de agricultor activo a efectos de condicionar os requisitos de acceso ás axudas, de xeito que se garantan a percepción de axudas a ocupados realmente na actividade agraria. Cando menos que a percepción de ingresos de agricultura ou gandería represente o 25% dos ingresos totais.

-Que se estableza un tope máximo na percepción das axudas da PAC por explotación, que ningunha explotación poida cobrar máis de 150.000 euros.

-Que se estableza un acoutamento na definición de hectárea admisible con un criterio de corte produtivo real, baseado nas medidas estandarizadas de produción.

-Que os sectores gandeiros, polas especiais características que teñen de moi escasa base territorial, teñan un tratamento singularizado a través das axudas acopladas.

Por alusións **D. Manuel Fernández López** indicou que o montante previsto para as primeiras hectáreas era do 30 %, e que serían as primeiras trinta hectáreas.

Do **BNG**, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo que a PAC era un contrasentido. Xa estaba todo “comido”. Coidaba que a PAC non só debía ceñirse ás primeiras hectáreas, senón a outros aspectos. Así, en primeiro lugar, estaba o pagamento básico e o reparto que o Ministerio de Agricultura tiña que facer ás CC. AA afectadas. Aí estaba a razón pola que non podía admitirse que Galicia recibira só o 10 % e outras CC. AA, como Andalucía, levasen o 23 %; en segundo lugar, había que definir cando un agricultor é activo e cando non o é, e as cotas e axudas que lle quedarán cando se xubile, aínda que manteña as terras; finalmente, en terceiro lugar, había que falar das axudas acopladas ao sector lácteo, porque había Comunidades como Castilla y León, Castilla La Mancha ou Extremadura que recibirían polo sector ovino uns 150.000.000 €, mentres que Galicia polo sector lácteo 93.000.000 €. En consecuencia había que tratar todos estes temas no reparto da PAC e non só os que se referisen ás primeiras hectáreas. De non ser así coidaba que Galicia quedaría peor de como estaba antes. En suma, había que loitar e conseguir que a PAC se faga tamén pensando en que as axudas deben beneficiar a Galicia.

Tamén polo PGD **D. Camilo Conde López** indicou que antes non se negociou pensando nos intereses de Galicia, en referencia á adhesión á Unión Europea. Agora había que buscar solucións a esta situación. A moción do grupo de goberno estaba ben, pero non

era a solución, e non abordaba outros temas. Pola contra si apoiaría as emendas socialistas que si que introducían máis elementos ao debate.

De novo en segunda rolda **D. Manuel Fernández López** sinalou que o *Sr. Arias Cañete*, actual Ministro de Agricultura, fixo un bo traballo. Agora se trataba de repartir a tarta. Neste eido reiterou que había que primar as primeiras hectáreas nas axudas que se van dar ás CC.AA, tendo en conta que todas tirarán para si. Coidaba persoalmente que se podía mellorar a situación e repartir os fondos por sector e non por CC.AA. Deste xeito gañaríamos. Ao final deste proceso, podíamos estar nunha posición mellor que a actual. No tema das emendas socialistas, indicou que algúns temas como a definición de profesional da agricultura habería que estudala con máis tempo.

Ofertou de novo adicionar estas emendas á moción **D. Manuel María González Aller** para conseguir así un mellor acordo municipal neste tema.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que a moción cubría poucos dos obxectivos que tiña que plantexar Galicia nas negociacións. O tema de primar as primeiras hectáreas era lóxico. Pero a proposta quedaba curta. No seu lugar propuxo que como moción *in voce* (en realidade emenda) o grupo de goberno retirase a moción, para melloralala e estudar todos os temas e logo tratar unha moción máis ampla. Neste caso apoiaría. Se non se aceptaba isto, votarían en contra.

Reiterouse na abstención anunciada **D. Camilo Conde López**.

Finalmente **D. Manuel Fernández López** confirmou que a moción se quedaría como estaba. Non era lóxico que os agricultores que non teñan vacas cobren. O lóxico é que cando deixen de traballar deixen de percibir axudas. Coidaba que o goberno central fixo unha boa xestión nas negociacións sobre os capítulos 1 e 2, e tamén desempeñou unha magnífica actuación a Sr^a. Conselleira do Medio Rural e do Mar. Proba disto e que así o recoñeceu o sector sindical afectado, mesmo o sindicato Unións Agrarias sacou en prensa unhas declaracións neste sentido. En suma, mantería a moción, e rexeitaría as emendas.

Sometida a votación a emenda presentada polo grupo socialista mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo catro (4) votos dos concelleiros do PSdeG-PSOE, e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: dúas (2) dos concelleiros do BNG.

Xa que logo **rexeitouse** a emenda.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), sendo trece (13) dos concelleiros do PP e catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: dous (2) do BNG.

Abstencións: unha (1) do concelleiro do PGD.

Xa que logo **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

A nova PAC contempla a desaparición do actual réxime de pago único que terá efectos a partir de xaneiro de 2015. O nivel das axudas pode variar notablemente dunha explotación a outra, dun Estado membro a outro, ou dunha rexión a outra. Reducir as diferenzas dos niveis de axudas na nova PAC, que abrangue ata o 2020, entre rexións e entre agricultores é un dos obxectivos principais da reforma da PAC adoptada en 2013 na procura de que esta sexa o máis equitativa.

En base a este principio recollido na reforma da PAC, España deberá promover, facendo un esforzo de converxencia, que se estableza un pago o máis igualitario posible entre comunidades autónomas e agricultores. A fixación deste novo marco regulatorio no que se promova a equidade da PAC ten unha grande transcendencia para Lalín e a Comarca do Deza, na que o sector agrogandeiro ten un importante peso específico.

A nova PAC contempla o fin da cota láctea (que supuña o pago de 3 céntimos de euro por litro), e establece que o reparto das axudas se faga atendendo fundamentalmente á superficie da explotación e á introdución do denominado “pago ecolóxico”, isto é, un pago directo vinculado ao cumprimento de prácticas agrícolas beneficiosas para o medio ambiente tales como a diversificación dos cultivos, o mantemento de pastos permanentes e o establecemento de áreas de interese ecolóxico.

Tendo en conta que a superficie media dunha explotación en Galicia é de aproximadamente 20 hectáreas, mentres que en Lalín e Comarca do Deza é de 15 hectáreas (moi inferior á que presentan outras comunidades de España) desde o grupo de goberno do Concello de Lalín solicítase:

- En primeiro lugar, e en base ao peso específico que o sector agrogandeiro ten na nosa zona, que se promova un reparto o máis equitativo posible da nova PAC.

- En segundo lugar, e dado o menor tamaño das explotacións en Galicia, que se primen no reparto da nova PAC as “primeiras hectáreas” dunha explotación co fin de reforzar o apoio ás estruturas pequenas e medianas, e deste xeito evitar que explotacións deste tamaño, como son as de Lalín e Comarca, saian prexudicadas no novo reparto.

No que respecta ao pago por ecoloxización introducido na nova PAC -un 30% do total nacional estará vinculado a prácticas agrícolas sostibles- resulta máis doado poder optar a dito pago canto maiores superficies teñan as explotacións, polo que neste punto as explotacións da zona sufrirían un agravio comparativo de non incentivarse as primeiras hectáreas,.

Polo exposto, o Pleno da Corporación Municipal adoptou os seguinte **ACORDO**:

Solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que no reparto da nova PAC se primen as “primeiras hectáreas”, atendendo ao establecido na reforma da PAC de que se procurará establecer un pago por hectárea o máis igualitario entre comunidades autónomas e agricultores e, deste xeito, evitar que as explotacións de Lalín e Comarca saian prexudicadas e garantir así mesmo que a partir do 2015 as explotacións de Lalín e Comarca perciban cando menos unha cantidade nunca inferior á actual.

5.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE.

5.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA SOBRE A SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E A INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción de data 20 de xaneiro de 2014, con entrada municipal do mesmo día co número de rexistro 401. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 23 de xaneiro de 2014.

Desde o PSdeG-PSOE, **D^a. Beatriz García Iglesias** asumiu a defensa da moción. Así indicou que era unha moción do partido e que para ela era unha honra defendela. Pedíase nela a retirada do Congreso dos Deputados do anteproxecto de lei de interrupción voluntaria do embarazo, a coñecida como lei do aborto que o grupo parlamentario do PP levou á cámara. Fixo historia das distintas leis que regularon esta materia. Así no ano 1985 a lei do PSOE permitiría a interrupción nas doce primeiras semanas, e ata vinte e dúas con malformacións ou con perigo para a nai. No ano 2010 se fixo o aborto libre ata as catorce primeiras semanas e ata vinte e dúas sempre que houberse risco físico ou psíquico para a nai, e sen límite cando houbera malformación do feto. Introduciu esta lei a posibilidade de que as menores que contasen con dezaseis anos decidisen elas, pero sempre co consentimento dun proxenitor ou titor.

O anteproxecto actual recolle ao concibido como un ben xurídico a protexer, e só contén a interrupción en caso de violación e ata as vinte e dúas semanas por grave risco para a nai e con dous informes médicos. Non recolle os casos de malformacións e disfuncións fetais. Con elo dáse un paso para atrás moi grave. Créase tamén un problema xeral de obxección de conciencia do persoal sanitario. Sorprendeulle moito que se conceda un prazo de sete días para que a nai reflexione e tome a decisión.

Entre os efectos desta lei, está que vai supoñer que van aumentar os abortos clandestinos e as viaxes ao exterior. Tendo en conta a capacidade económica, segundo a clase social, unhas marcharán fora e outras moitas terán que abortar na clandestinidade.

Entendía que o aborto non era unha cuestión banal, non era unha diversión. Era unha decisión persoal da muller que ten que ter recoñecido como dereito, e por suposto cumpría eliminar toda penalización a esta decisión.

Esta lei enmárcase dentro do programa do goberno, que se amosa tamén noutros eidos como a sanidade ou a lei de dependencia.

¿Cal é a finalidade desta lei? ¿Diminuirán os abortos?. Seguramente entre os seus efectos está que aumentará o número de abortos clandestinos, e non aumentarán os nacementos non desexados.

O único que se lle ocorría como causa ou razón que explicaba este proxecto era satisfacer á ultradereita política, aínda que o 52 % do PP apoiaba a lei que se aprobou no ano 2010.

Outros dos efectos nocivos está no aumento do gasto sanitario, agora que se trataba de recortar.

Esta norma non a había en Europa. En Francia a lei sobre o aborto que se quere tramitar presentábase máis aberta e flexible. Agora neste texto só se contempla como xustificacións para abortar, a violación denunciada e o risco para a nai. Todo isto parecía un pesadelo, porque as mulleres despois de moitos anos ían para atrás e non poderán abortar.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** cualificou esta lei como retrógrada e dixo que nos transportaba a tempos pretéritos, que todos pensabamos xa superados. Non entendía os motivos de traer agora a debate esta lei e de abril de novo, a non ser que o Sr. *Ministro de Xustiza Sr. Ruíz Gallardón* queira satisfacer ás mulleres e aos sectores ultras, porque a meirande parte da xente e os progresistas non estaban con esta norma. *“Desde logo en Europa os ventos van por outro camiño”*, sinalou. Apoiarían a moción.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** sinalou que o tema do aborto sempre foi un tema importante de debate político e social. A lei do ano 2010 non era perfecta e por ende había que buscar saídas e solucións a algunhas situacións. Pero para elo afirmou que había

que negociar e dar coherencia ao que se aprobe. Apoiaría a moción.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** expresou a posición do grupo de goberno. O tema do aborto era, como era sabido, unha cuestión controvertida. Toca aspectos económicos, sociais, morais e persoais. Fixo tamén un pouco de historia desta cuestión tan controvertida. Así, no ano 1985 regulouse por primeira vez este eido, cun marco legal que foi consensuado polos partidos maioritarios. Non obstante no ano 2010, o goberno do Sr. **Rodríguez Zapatero**, rompeu este pacto e aprobou unha lei nova sen consenso, que permitía entre outros cambios que as nenas de dezaseis anos abortaran, sen contar cos seus pais. O anteproxecto de lei estaba xa presentado na cámara, pero o Sr. Presidente do Goberno, Sr. **Rajoy**, anunciou que o texto presentado ía ser modificado e axustado, e estaría dalgún xeito consensuado, e non sería partidista. O grupo de goberno confiaba nestas verbas anunciadas polo primeiro mandatario e confiaba na sensatez como inspiración desta norma que se debería seguir, e esperaba que se corrixise o texto. A moción era unha trampa que o grupo socialista lle poñía a o goberno municipal, e no que non ían caer; non ían aparecer como que o PP de Lalín que se opuña a esta norma. Por elo, por coherencia co seu partido político e confiando nas verbas do Sr. Presidente, ían rexeita-la moción.

De novo **D^a. Beatriz García Iglesias** rexeitou que o obxectivo da moción fose poñer unha trampa ao goberno municipal. Eles defendían a moción como alternativa á oposición do P.P. Tamén lle afectaba como muller. Finalmente, non quería que os membros do PP actuasen coma o exército de *Pancho Villa*. “*Abstédevos*”, afirmou. De non aceptar a moción, indicou que propuña que se retirase toda mención que había no Concello ao **Sr. Ruíz Gallardón** como Alcalde de Madrid ou as xestións feitas por esta persoa e toda clase de recoñecemento feito por este Concello á mesma.

Por alusións **D. Román Rodríguez González** indicou que había un tramo da rúa como Avenida de Madrid, pero foi debido ás súas xestións como Alcalde de Madrid.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** entendía que había que separar neste tema do aborto a liberdade da muller coas cuestións sociais e éticas que suscitaba. O que debía primar diante de todo era a liberdade da muller. Coidaba que este anteproxecto de lei podía ter efectos de maior calado con outro texto. Como a lei era tan baixa, tan restrictiva e tan retrógrada, calquera cambio que se admita no mesmo sería aplaudido pola maioría da masa social, o Sr. **Rajoy** contentará á maior parte e quedará ben, aínda que só se admita os caso de interrupción por malformación do feto. Reiterou que o que debía primar diante de todo era a liberdade da muller. O texto nos levaba á etapa máis negra da historia, e nos enmarcaba dentro da política do goberno central de facer recortes na sanidade. Apoiaría a moción.

De novo **D. Camilo Conde López** volveu ratificarse no xa dito. O anteproxecto era volver para atrás e apoiaría a moción.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** insistiu en que confiaban no que anunciou o Sr. **Rajoy** de introducir modificacións e axustes para consensuar o tema. Coidaba que a oposición se estaba adiantando aos acontecementos, porque era un anteproxecto soamente. Había que ter medida, pois. Nun tema tan delicado coma este do aborto, non se debía nin non facer nada, como se afirmaba desde a dereita, nin facer todo, como se preconizaba desde a esquerda. Había que poñer sensatez neste debate e esperar acontecementos.

De seguido houbo un debate dialéctico entre **D^a. Beatriz García Iglesias e D. Román Rodríguez González**.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica pola que se pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

- Aprobada esta moción, dar traslado da mesma aos grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

5.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE TRASLADO DA OFICINA COMARCAL DA XUNTA E A OFICINA DE ESTRUTURAS AGRARIAS ÁS DEPENDENCIAS DO NOVO CONCELLO DE LALÍN.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción de data 18 de xaneiro de 2014, con entrada municipal do día 20 de xaneiro de 2014 con número de rexistro 402. De seguido o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 23 de xaneiro de 2014.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** expuxo o contido da moción. Sinalou que o edificio que actualmente ocupaba a Oficina de Estruturas Agrarias incumpría a legalidade en moitos aspectos, cando debían ser precisamente os edificios públicos os que primeiro cumprisen e desen exemplo. Así por exemplo, en materia de accesibilidade non cumpría.

O espazo co que contaba era notoriamente insuficiente para os servizos que prestaba e para o persoal que traballaba na mesma.

Coa moción pedían mellorar o servizo. Para solucionar isto, actualmente o edificio municipal tiña a súa metade sen utilizar, e o mesmo sucedía coas dependencias do arredor da planta baixa. Había pois que sacar proveito a estas instalacións e negociar coa Xunta de Galicia para traer para aquí as dependencias. Con elo gañaríamos todos, en servizos e en comodidade e aforraríamos en gastos.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** coincidía tamén en parte coa moción. Explicou que había un edificio comprometido para construír pola Consellería do Medio Rural e do Mar. A estes efectos fixéronse xestións no ano 2007 e localizouse nun solar da zona do Rodo. Para levalo adiante se fixeron recualificacións urbanísticas de terreos. Todo estaba en marcha e só faltaba a consignación orzamentaria do gasto. Pero con isto feito, chegou o ano 2009 e o cambiou a Xunta de Galicia, abandonándose este proxecto.

Coidaba que o edificio actual non cumpría os requisitos mínimos para ser utilizado como oficinas administrativas oficiais. Presentaba deficiencias na auga, tiña humidades e faltaba espazo para as persoas que alí traballaban. Para poder funcionar necesitaría contar cuns 350 m², extensión que agora non ten. Pediu retomar o edificio comprometido.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** coidaba que o edificio actual presentaba deficiencias claras. Era positiva a idea de que viñesen para o edificio municipal estas oficinas. Apoiaría a moción.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** amosouse sorprendido por esta moción do grupo socialista. Dixo que non era casual, xa que se presentaba cando a Xunta de Galicia estaba buscando ofertas de locais para cambiar de sede.

Sobre o edificio proxectado para albergar as oficinas da Consellería do Medio Rural e do Mar indicou que se fixeron moitos trámites, cos terreos, recualificacións urbanísticas, con proxecto de obra, e habendo vontade política para elo. Pero faltaban cartos para levalo a cabo. A pesar de todo, non se renunciaba a elo.

Desde o grupo de goberno alegrábanse que o grupo socialista recoñecese algunhas das cualidades do edificio municipal, entre eles a capacidade para albergar máis oficinas. Non obstante, non eran certas algunhas das verbas que se dixeron. Non estaba en desuso o edificio, porque na segunda planta se realizaban actividades. Doutra banda nas dependencias situadas nas inmediacións da planta baixa había oficinas en funcionamento como sucedía coas oficinas de I + B; estaba aberto o espazo cultural e un local era propiedade do ORAL, da Deputación Provincial de Pontevedra.

Agora a moción chegaba xustamente cando a Xunta de Galicia buscaba un baixo para a Oficina Agraria e realizar o traslado. “*O grupo socialista oíu campanas*”, afirmou.

O grupo popular quería que se construíse o edificio proxectado inicialmente, e confiaban en que tería mellores condicións para albergar as dependencias e dar mellores servizos. Por todo o anteriormente dito, rexeitarían a moción.

De novo, **D. Manuel María González Aller** precisou que el non dixerá que estivese baleiro, senón medio baleiro. Doutra banda rexeitou as verbas do voceiro popular. Nin el nin o seu grupo coñecían que a Xunta de Galicia estivese buscando un baixo para trasladar as dependencias da Oficina Agraria.

Reafirmouse no xa dito, insistindo en que ao edificio municipal había que darlle uso, á vista do seu estado e dos cartos que custou. Doutra banda, con isto melloraríanse os servizos que se daban aos veciños e todos gañaríamos.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** reafirmouse no xa dito. Daquela, cando se arranxou o baixo no ano 1998, eles xa pediron un baixo mínimo de 400 m² e non se atendeu a petición. O BNG era partidario de concentrar as oficinas de moitas dependencias, como as de sanidade e as de incendios para abaratar custos e facilitar as xestións aos veciños. Todo se fixo cando se realizou a confección do proxecto pensando en solventar as dificultades e penurias que se padecían; pero sucedeu que no ano 2009 e anos posteriores non houbo cartos, e agoara tampouco os había.

De novo, **D. Camilo Conde López** ratificouse no xa dito. Había que buscar concentrar oficinas e abaratar custos. Apoiaría.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** insistiu en que non era casual a presentación desta moción, xa que coincidía coas xestións da Xunta de Galicia para buscar un local. A moción era, pois, oportunista.

Eles propugnaban ir a un edificio novo con espazo e dependencias suficientes para albergar todas as oficinas, a maquinaria, as motobombas e mellorar a atención ao público. Era mellor ir a un edificio novo que o que se pedía. Reiterou que por elo a moción era oportunista, e repetiu que o edificio municipal non estaba semibaleiro, porque tiña actividade en todas as dependencias.

Por alusións, **D. J.A.Cristóbal Fernández Vázquez** salientou que a moción era unha boa idea e que elo implicaba falar coa Xunta de Galicia e negociar con ela, para ver a forma e as dependencias que podían utilizarse. Había que pensar nos intereses xerais.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** volveu insistir en que as dependencias inferiores xa estaban ocupadas, coa Oficina de I+ B, o espacio cultural e a futura oficina do ORAL.

Na moción pedíase instar da Xunta de Galicia, previas as negociacións oportunas, o traslado das instalacións da Oficina Agraria Comarcal e a Oficina Comarcal da Xunta que alberga o rexistro para as dependencias do novo Concello de Lalín en tanto non sexa unha realidade o novo edificio de Medio Rural e do Mar.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

6.- MOCIÓNS DO BNG.-

6.1.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE, NO ENTORNO DO 24 DE FEBREIRO, SE REALICEN ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA DE ROSALÍA.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 10 de xaneiro de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 199. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 23 de xaneiro de 2014.

Na defensa da moción **D. Xesús Cordeiro Budiño**, do BNG, explicou o sentido da mesma. A razón estaba en que o día 24 de febreiro de 2014 cumpríanse os cento cincuenta anos do nacemento de Rosalía de Castro, unha das mellores escritoras en poesía de lingua galega. Elo era un acontecemento suficiente para que o Concello realizase actividades que conmemorasen isto.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** estaba de acordo coa moción. Non entendía por qué desapareceu o recoñecemento do día vinte e catro de febreiro como día de Rosalía ou de exaltación da lectura.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, apoiaría a moción.

Polo grupo popular, **Dª. María Álvarez Paz**, edil delegada de cultura, empezou a súa disertación relatando eses versos de Rosalía de Castro de: *“castellanos de Castilla que facedes aos galegos, cando van van como rosas...”*.

POR IMPEDIRLLE O ALCALDE, VULNERANDO A LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL, A SÚA FORMULACIÓN NO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO.

No transcurso do pleno ordinario do mes de novembro, a Alcaldía queixouse repetidas veces de que na zona rural se levaba ós contedores demasiada cantidade de lixo que non debería levarse e que facía moito máis custosa a recollida do lixo. Se ben é certo que nalgúns casos se produce iso con determinados restos de residuos agrícolas e forestais, tamén é certo que acaban nos contedores de lixo gran cantidade de papel, de cartón e de vidro que deberían estar nos contedores específicos de papel e de vidro se realmente existiran na zona rural. En consecuencia, e coincidindo coa necesidade de concienciar a toda a vecindade da necesidade de levar ó contedor a mínima cantidade de lixo posible, resulta absolutamente necesario nesa liña de dotar a todas as zonas rurais que non dispoñan deles, de contedores de papel-cartón e de vidro, para que se poida facer a recollida selectiva deste tipo de lixo, reciclala e en definitiva reducir a cantidade de lixo que vai a SOGAMA. Por todo o exposto, formúlase á Alcaldía un ROGO para que se dote ás zonas rurais, á maior brevidade posible, de contedores de cartón e de vidro.

*O Sr. Alcalde-Presidente Accidental **D. Román Rodríguez González** quedou enterado.*

PSdeG-PSOE: D. Manuel María González Aller .

De xeito verbal durante a sesión:

1º.- ROGO.- Indica que o vial SV-5 que vai desde a N-640 ata a rotonda de Feás presenta múltiples deficiencias, atopándose en moi mal estado para a circulación tanto rodada, coma peonil. Esta situación complícase porque linda cun colexio público, o Colexio público Manuel Rivero, dándose a circunstancias que teñen que empregar dito vial moitos pais de nenos, e os propios alumnos. O citado vial presenta socavóns, e conta cun firme que está en moi mal estado. Reclama que se arranxe e se repoña o firme do dito vial e quede en bo estado.

*O Sr. Alcalde-Presidente Accidental **D. Román Rodríguez González** quedou enterado.*

2º.- ROGO.- En relación coas normas de aparcamento no antigo Campo da Feira, relata que o pasado sábado unha amiga da súa filla tivo unha multa pola Policía municipal de Lalín de 200 €, aínda que xa pagou 660 € á grúa municipal, por estar mal aparcado o vehículo. Indicou que a dita rapaza gañaba de soldo pouco máis de cincocentos euros ao mes. Visto isto, considera desproporcionada a dita cantidade. Pide, polo tanto, aos responsables do Concello que se rebaixen e se adapten as sancións de tráfico municipais ás condicións e á situación económica e social que se vive no país.

*O Sr. Alcalde-Presidente Accidental **D. Román Rodríguez González** quedou enterado.*

9.2.- PREGUNTAS.

PSdeG-PSOE: D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez.

Presentadas mediante escrito de data 26 de xaneiro de 2014, con entrada municipal de 27 de xaneiro de 2014 e número de rexistro 561.

1.- PREGUNTAS QUE FORMULA O CONCELLEIRO EN RELACIÓN CO CENTRO DE DÍA PÚBLICO EN LALÍN.

Na etapa do goberno bipartito na Xunta de Galicia, en concreto en agosto do ano 2005, a Consellería de Vicepresidencia asinou un convenio co concello de Lalín para a Construción dun Centro de Día. Pouco despois, materializábase a cesión por parte de Concello á Xunta dunha parcela no Regueiriño para tal fin.

Despois do tempo transcorrido, estamos absolutamente seguros de que, se o goberno da Xunta fose doutro partido, o Sr. Crespo estaría demandando todos os días a súa construción, algo que, por suposto, non está facendo agora, e como por outra parte era de esperar pola actitude que ven demostrando ante os sucesivos e reiterados incumprimentos do seu partido, nas distintas administracións que goberna como Lalín.

Pero o que non esperabamos é que fose máis alá e que o propio Alcalde mesmo descartase persoalmente unha inversión, como neste caso a dun centro de día **de carácter público**, que no seu día consideraba como algo **“prioritario e de vital importancia para Lalín”**.

En relación con este tema pregunta:

1ª.- PREGUNTA.- ¿Segue mantendo a súa afirmación pública de mediados deste mes de xaneiro de que *“temos dous centros de día baleiros en Lalín”*?

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

2ª.- PREGUNTA.- ¿Por que Vde. se atreve a descartar definitivamente a construción dun centro público de día en Lalín, cando nin sequera a propia Conselleira se atreveu a facelo?

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

3ª.- PREGUNTA.- ¿Como lle explica a todos os cidadáns de Lalín que o seu alcalde renuncia á construción do que sería o único centro de día de carácter público de Lalín e da súa comarca?

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

2.- PREGUNTAS QUE FORMULA O CONCELEIRO EN RELACIÓN COA CAMPAÑA DE EMPADRONAMIENTO.

En novembro do ano pasado o Sr. Alcalde calculaba que en Lalín residían entre 900 e 1.000 persoas que non estaban empadroadas e iniciaba unha campaña na que se marcaba como meta conseguir que a metade delas se censasen en Lalín ó longo desa campaña. Para iso falábase de “accións complementarias” para incrementar o padrón como “bonificacións fiscais”, “recuperar os incentivos económicos por nacemento”, “fomento do emprego” ou “medidas en materia de vivenda”.

A principios deste mes o Sr. Alcalde presentaba os datos da campaña de empadroamento dicindo textualmente: “A campaña puido ser mellor, pero foi razoablemente ben. Empadroáronse 130 persoas por riba da media habitual”.

En relación con este tema fórmulanse as seguintes preguntas:

1ª.- PREGUNTA.- ¿Que accións complementarias concretas das citadas anteriormente se puxeron en marcha ó longo desta campaña?

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, **D. Román Rodríguez González**, indicou que respondería por escrito.

2ª.- PREGUNTA.- ¿Como explica que a campaña foi “razoablemente ben”, cando non se acadou nin o 30% do obxectivo previsto?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, **D. Román Rodríguez González**, indicou que respondería por escrito.

3º.- PREGUNTA.- Vanse a aplicar algunhas medidas complementarias na prolongación da campaña que Vde. anunciou publicamente a principios deste mes?. ¿Cales serían esas medidas no seu caso?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, **D. Román Rodríguez González**, indicou que respondería por escrito.

4ª.- PREGUNTA.- Ata dous alcaldes do P.P. de concellos da nosa comarca, coas súas respectivas familias, residen en Lalín. ¿Conseguiu Vde. empadroalos en Lalín nesta campaña?. En caso negativo: ¿Vai a intentalo na súa prolongación?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, **D. Román Rodríguez González**, indicou que respondería por escrito.

3.- PREGUNTAS QUE FORMULA O CONCELLEIRO EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE ABERTO NO SEU DÍA A UN FUNCIONARIO MUNICIPAL.

Con data 22 de marzo de 2013, unha empresa da localidade presentou no rexistro xeral do concello un escrito no que se responsabilizaba a un funcionario municipal de presuntas irregularidades na tramitación do expediente urbanístico *Proxecto de Urbanización AR-MP12*. Con data 2 de maio de 2013 resólvese incoar expediente sancionador, aínda que por erro na determinación do procedemento aplicable, anúlase esa resolución e dítase unha nova o 20 de maio de 2013 incoando de novo o expediente disciplinario.

Transcorridos máis de 10 meses da denuncia, e máis de 8 meses da incoación do expediente, nada se coñece do seu estado ou da súa resolución.
En relación con este tema, pregúntase:

1ª.- PREGUNTA.- ¿En que fase se atopa dito expediente?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, **D. Román Rodríguez González**, indicou que respondería por escrito.

2ª.- PREGUNTA.- ¿Existe -a día da data de contestación a esta pregunta- algunha resolución (provisional ou definitiva) sobre o expediente?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, **D. Román Rodríguez González**, indicou que respondería por escrito.

4.- PREGUNTAS QUE PRESENTA O CONCELLEIRO ANTE O PLENO ORDINARIO DE XANEIRO POR IMPEDIRLLE O ALCALDE, VULNERANDO A LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL, A SÚA FORMULACIÓN NO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVIEMBRE.

Recentemente tivemos coñecemento da adquisición por parte do concello de varios

exemplares de carballo, en concreto da variedade **quercus palustris**, por un importe total de case 8.000 €, a un prezo de 470 € cada un, a unha empresa catalana.

En relación con este tema, formúlanse as seguintes preguntas á Alcaldía:

1ª.- PREGUNTA.- ¿Considera a Alcaldía que é un gasto absolutamente necesario, especialmente nesta situación de crise?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

2ª.- PREGUNTA.- ¿De quen foi a idea?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

3ª.- PREGUNTA.- ¿Cal vai a ser o destino deses carballos?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

4ª.- PREGUNTA.- ¿Como se xustifica que se recorra a empresas de fora de Galicia para esa adquisición?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

PSdeG-PSOE: D. Manuel María González Aller

Preguntas presentadas de xeito escrito durante a sesión:

1ª.- PREGUNTA.- ¿Actualmente non existe ningún tipo de convenio ou contrato co Museo do Títere, salvo en voz o uso das actuais instalacións?. ¿Cando se van retomar as negociacións para a firma dun convenio legal e que opcións se lle van presentar para a súa ubicación?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

2ª.- PREGUNTA.- ¿En que punto de “avance” se encontra a Ordenanza Medioambiental?. Informo que darei encargo expreso á nova concelleira para que siga preguntando por elo.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

3ª.- PREGUNTA.- Fai tempo que se aprobara por este pleno a colocación de contedores de roupa usada nas rúas do pobo, sen embargo, non están. ¿Que pasou con eles?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.

4ª.- **PREGUNTA.-** Aprobouse tamén, por todos os grupos políticos, un regulamento orgánico de funcionamento, onde se distribúan os tempos e formas de intervención nos plenos; sen embargo parece ser que ninguén se acorda del. ¿Por que non se fai?.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, **D. Román Rodríguez González**, indicou que respondería por escrito.

Presentadas de xeito verbal durante a sesión.

1ª.- **PREGUNTA.-** En relación coas novas aparecidas na prensa en relación á sinatura dun convenio administrativo entre o Concello e a CEU, considera que sendo este un centro privado, unha universidade católica, jesuíta, non deberán ir axudas municipais e esta clase de centros privados.

Contestou o Sr. Alcalde-Presidente accidental, D. Román Rodríguez González no sentido de que o Concello de Lalín xa tiña convenios administrativos similares coas universidades Públicas de Santiago e Vigo. Agora se asinaría un convenio marco, unha especie de paraugas, e logo para fins concretos como serían para conceder premios de investigación ou becas ao estudio. En principio por ser un centro privado, aínda que sexa relixioso, non era motivo para non celebrar un convenio de colaboración.

E, sendo as doce horas e vintecatros minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente

